

# Testamentos lerezáns no século XIX


Xosé Álvarez Castro

Os testamentos, aparte do seu valor legal como medio de adxudicación de bens aos herdeiros, son tamén unha valiosa fonte de información dende o punto de vista histórico. Unha lectura polo miúdo dos mesmos proporcionáanos datos de tipo lingüístico, económico, demográfico, cultural, etc. Son, así mesmo, moi importantes para o estudo das mentalidades (singularmente en todo o relacionado coa relixión) así como da vida cotiá da época.

Podemos definir o testamento como un documento (privado, diante notario...) no que unha persoa dispón todo o relacionado cos seus bens materiais e tamén toda unha serie de aspectos espirituais que os seus herdeiros deben cumprir logo da súa morte.

Como afirman numerosos tratadistas sobre o tema, o testamento, aparte da afirmación relixiosa do testador, debe dar a cada quen o que lle corresponde: o corpo á terra da que procede, aos acredores as débedas que se lle teñan, os bens e propiedades aos herdeiros, as esmolas aos probes e a alma a Deus.

Neste traballo imos analizar dous testamentos feitos por veciños da nosa parroquia a principios do século XIX: **Blas Tubío** (BT) con data de 27 de decembro de 1831 e o de **Josefa Piñeiro** (JP) de 25 de abril de 1811. Ambos formaban matrimonio sendo unha das ramas de antepasados directos da familia dos "Calacús" da Gándara.





O marco histórico no que se realizan corresponde aos reinados de Fernando VII, recién pasada a invasión francesa (a batalla de Ponte Sampaio foi no 1809) e de Isabel II.

Os documentos, tanto na calidade caligráfica como na redacción, difiren moito, xa que o de Josefa Piñeiro é un documento privado e o de Blas Tubío está redactado por un escribán. O primeiro deles, de estilo máis directo, é unha fonte moi interesante sobre a linguaxe popular: seseo ("juysio", "enterseda", "resadas"...), gheada, vacilación no emprego do "h", confusión no uso de "b" e "v", inestabilidades vocálicas, formas apocopadas: "mentreggo", "dearriba", etc. O de Blas Tubío, posterior no tempo e de man de escribán, abonda en fórmulas estereotipadas e é máis coitado e impersoal.

Logo do inicio dos escritos cunha invocación: "En el nombre de Dios todo poderoso. Amen" (BT) ou "In domini Mi" (JP) que é seguida dunha serie de cláusulas declaratorias nas que o outorgante da conta do seu nome, da súa saúde e dun aspecto indispensable para a validez do acto: "con

mi Cabal Juysio yentendimiento Natural" (JP), "hallandome a pie con algunos achaques habituales pero en mi sano juicio memoria y entendimiento natural" (BT). Segue o preámbulo coa profesión de fe na que se afirman os artigos da fe cristiá e o dogma da Santísima Trindade: "creyendo como creo en el altísimo misterio de la Santísima Trinidad Padre Hijo y Espíritu Santo tres personas distintas y un solo Dios verdadero y en todo lo mas que adora cree y confiesa nuestra Santa Madre Yglesia Católica Apostólica Romana vajo cuja fe y creencia siempre he vivido y espero morir; y Recelandome de la muerte que es cosa cierta y natural a toda criatura viviente para que mis cosas quedan bien dispuestas

Non faltan unhas reflexións sobre a inevitabilidade da morte que se aproximaba e diante da que había que estar preparados "recelandome de la muerte que es cosa cierta y natural a toda criatura viviente" (BT), efectúanse as encomendas da alma a Deus, á Virxe... "al Sto Angel de mi Guarda, el de mi nombre y mas de la corte celestial para que intercedan con su Divina Majestad no entre en rigurosa cuenta, antes vien se apiade de ella y la coloque con las mas de los Bienaventurados en su santa Gloria perdonando mis culpas y pecados" (BT). Estas encomendas tiñan a finalidade de que a

súa alma estivese o menor tempo posible no purgatorio, que era descrito de xeito terrorífico nos sermóns da época, non esquezamos a popularidade entre as nosas xentes do culto ás ánimas do purgatorio e as numerosas representacións das mesmas penando entre as lapas.

Ata aquí chegaba o que podemos chamar cláusulas declaratorias que, como se ve, son esencialmente de carácter relixioso. A continuación entramos na parte dispositiva dos documentos (cláusulas decisorias) na que os aspectos materiais, sepultura, nomeamento de albaceas, reparto de bens a herdeiros, son fundamentais. Pero non esquezamos o xa afirmado anteriormente de que, no momento da morte, cada cousa debe volver á súa orixe: a alma ao ceo e o corpo á terra. Para asegurarse a salvación da alma, hai toda unha serie de disposicións sobre a forma e lugar do enterramento, misas, esmolos, etc. *"mi cuerpo hecho cadaver sea amortajado en havito de Sn Fco, sepultado en la Yglesia de dha parroquia del medio de ella arriba: que a mi entierro y honra asistan doze Monges, de los cuales concurriran tres a la puerta con Dalmática: que por mi alma y obligaciones se apliquen sesenta y seis misas rezadas, incluso las tres privilegiadas[...] que se de a los pobres la de cien reales: que se gaste en dar de comer y vever a la parentela y amigos, ocho ferrados de maíz, uno de centeno, cien reales de pescado y un moyo de vino [...]A los Santos Lugares de Jerusalem y todas las mandas forzosas de lo acostumbrado y tambien la pia forzosa de doze reales de vellon"* (BT).

A utilización do hábito franciscano como mortalla adquire moita extensión a partires do século XV xa que antes era común que as clases podentes utilizasen ricos vestidos. Este costume do hábito ten un alto grao de simbolismo, pois S. Francisco represéntase moitas veces utilizando o cordón do seu hábito para rescatar as ánimas do purgatorio; tamén pode interpretarse, dada a característica de pobreza da orde franciscana, como un xeito de sinalar o comezo dunha nova etapa lonxe das riquezas que se tiñan na vida terrenal non sendo tampouco alleas as indulxencias concedidas polos Papas ao uso deste hábito.


En canto ao lugar da sepultura dentro da igrexa, era unha práctica habitual ata o século XIX aínda que, debido ás epidemias, xa Carlos III no 1789 promulgara unha Real Cédula mandando construír cemiterios pero non se lle fixera moito caso pois estas ordes reitéranse ao longo do XIX. O feito de enterrarse no interior de mosteiros ou igrexas tiña a finalidade de estar nun contacto máis íntimo co sagrado e cos fieis que alí acudían, sendo tamén un signo de distinción: as inhumacións custaban máis e as clases máis acomodadas enterrábanse nas capelas laterais ou na parte máis achegada ao altar, mesmo se os enterros se facían ó redor da igrexa, buscábanse os lugares máis pretos a ela; anos despois, os cemiterios pretenderán significar igualdade pero a distinción vaise conseguir mediante a magnificencia dos panteóns. Estes enterramentos no interior dos templos, aparte de lembrar aos asistentes aos cultos a presenza de defuntos para que rezasen por eles, tamén buscaban a intercesión dos santos titulares da igrexa (no noso caso o Divino Salvador ou S. Bieito), beneficiábanse de tódolos rezos e pregarias que alí se ofrecían e, por ser lugar sagrado, estaban protexidos fronte aos poderes do demo.

En canto á cerimonia do enterro, en ámbolos dous testamentos se manda a presenza de frades (lemremos que o convento de Lérez era da orde de S. Bieito e no ano 1823 hai no mesmo 16 monxes e que subsiste ata o ano 1835, ano no que queda deserto debido á desamortización de Mendizábal, quedando como cura D. Leandro García Hevia, que morrerá no 1863; o último abade foi D. Ignacio Fernández de Ulloa, natural de Chantada (Lugo).)

O número de misas e a tipoloxía das mesmas (de réquiem, cantadas, rezadas...) tamén figuran detalladas nos testamentos, debemos destacar o valor que se lles daba ás misas gregorianas pois pensábase que o xogo de cincuenta misas continuadas era moi eficaz para a redención das ánimas. Nin que dicir ten que esta diferente valoración tamén se reflectía no prezo.

Outro apartado é o correspondente ás esmolos e mandas, que poden ser de distintos tipos, algunhas forzosas como as destinadas a redimir os

santos lugares de Jerusalén. A valoración está feita en "reales" que eran unha unidade monetaria da época, sendo os de vellón os que estaban compostos por unha aleación de prata e cobre; a súa equivalencia era a de 34 maravedís de cobre.



En moitos casos, os gastos que conlevaban as disposicións antes estudadas, chegaban a consumir unha parte importante do patrimonio dos defuntos e confirmaba que, por enriba da pregoada igualdade diante da morte, as desigualdades sociais seguían mandando.

Moi importante nos testamentos é a relación de bens que se reparten e compoñen os distintos cupos adxudicados aos herdeiros. Hai que destacar a figura dos legados ou doazóns que actuaban, case sempre, como un xeito de compensación e sostemento das mulleres solteiras ou viúvas da familia ou como un pago especial polos coidados prestados ao testador: "que por el afecto que le profeso a la citada Benita Tubío mi hija que con su marido havita en mi casa y compañía [...] la dejo por via de legato, mejora, donacion causa mortis o segun mas vien haya lugar en derecho, la parte de [...] en el foro nombrado Ferreyro, en el de la Santiña de Rego

Rubio [...]el cubierto con su lagar y corral, bodega donde entrojo el vino incluso el lagar con sus pertrechos y parte de la fustalla... (BT). "Y Mando y dono a Mi hija benita el quarto de sobrado donde avito yten le Mando y dono una arca de castaño..." (JP).

Este apartado coa adxudicación de bens vai seguido das advertencias de desherdamento a aqueles que non acatasen o mandado. A persoa encargada de facer cumprir o disposto polo defunto era o albacea. Non faltaba tampouco unha cláusula derogando posibles testamentos anteriores.

Facíase mención das testemuñas presentes e do escribán, no seu caso, e asinábase por todos eles sendo corrente o que algúns non souberen facelo e así se facía constar. "y de todo ello fueron testigos Josef arjibay, thomas dela torre, thomas esteves Juan Benito de Lores y Juan Benito Yglesias todos vezinos de esta felegresía de san salvador de leres" (JP)

Non era infrecuente a existencia dun codicilo ou sexa un engadido que se facía con posterioridade á data do testamento para modificar algunha das cláusulas do mesmo. "Y ten declaro [...] a mi hija Benita toda la ropa de la Arca que son media dozana de serbelletas y ocho sabanas esto es mi justo y bunluntade y de todo ello fueron los mismos testigos de Ariba" (JP)

A finalidade deste artigo é a de servir de introdución ao estudo deste tipo de documentos e, dende aquí, animamos aos lectores a conservar e estudar aqueles testamentos antigos que gardan nas casas e que, como vimos, son unha valiosa fonte de información en múltiples aspectos.

